



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén

### PDI-A:

Costas González Xosé Henrique  
García Fontán Soledad  
García Pino Antonio  
García-Pintos Escuder Adela  
González Santamaría Pedro  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pérez Cota Manuel  
Pou Saracho Juan María  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Vallejo Pousada Rafael  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B:

Álvarez Villamarin, Xosé Carlos  
González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Blanco García, Adrián  
Campanini Caffaro, Micaela  
Carrillo Pérez, Rosalía  
Fernández Alvarado, Hadrián  
Pereira Sánchez, Pablo

### PAS:

Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Bustillo Bolado, Roberto  
García Señorán, María del Mar  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Pillado González, Esther  
Rivo López Elena

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 27 de marzo de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **27 de marzo de 2015** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de marzo de 2015.
2. Informe do reitor.
3. Presentación do informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do ano 2014.
4. Informe do vicerreitor do Campus de Ourense sobre o proceso de especialización do Campus da Auga no ano 2014.
5. Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra sobre o proceso de especialización do Campus Crea no ano 2014.
6. Aprobación, se procede da Programación Docente Anual (PDA).
7. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD para o curso 2015/16.
8. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/17.
9. Aprobación, se procede, do procedemento de elaboración da memoria xustificativa e a memoria para a solicitude de verificación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.
10. Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.
11. Aprobación, se procede, do cambio de titularidade e denominación da Escola de Negocios CAIXANOVA.
12. Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2015.
13. Aprobación, se procede, da modificación de tarifas do CITI
14. Aprobación, se procede, da modificación de tarifas do CACTI.
15. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Fundación Universitaria Navarra-UNINAVARRA (Colombia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a UFA State Aviation Technical University (Rusia).
16. Renovación de representantes na Comisión de Estudos de Posgrao.

17. Elección de tres representantes do sector estudantes e un representante do PDI na Comisión de Calidade.
18. Elección dun representante do sector estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.
19. Rogos e preguntas.

O reitor dá a benvida aos membros do Consello de Goberno e o reitor, tras gardar un minuto de silencio polas vítimas do sinistro aéreo nos Alpes, dá comezo á sesión dando lectura aos nomes das persoas que desculpou a súa ausencia.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de marzo de 2015.

Indica o reitor que non se presentou ningunha alegación á acta, e pregunta se algún dos presentes desexa facer algún comentario. Intervén a representante do estudantado, dona Micaela Campanini, quen explica que na súa intervención en “Rogos e Preguntas” non cuestionaba a rotación dos Claustros e Consellos de Goberno nos tres campus, como parece derivarse da redacción da acta. Tan só solicitaba que se solucionaran as dificultades que se poderían crear para o desprazamento dos representantes, especialmente do estudantado. Responde a secretaria xeral que será modificada nese sentido.

Propónse a súa aprobación con dita modificación.

**Punto 2.** Informe do reitor.

a) Comeza o reitor informando de que D. José María Silva Rodríguez, Doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo (2012), exdirector de Investigación da Unión Europea, director xeral de Agricultura e o funcionario español de maior rango en Bruxelas, ofrécese de maneira voluntaria e filantrópica, como representante da Universidade de Vigo. Indica que é un privilexio para a universidade poder aproveitar a súa experiencia no campo da internacionalización. A raíz deste ofrecemento produciuse xa unha consecuencia moi favorable para a Uvigo. Explica o reitor que, como foi explicado no Consello de Goberno do 23 de xaneiro aprobouse a adhesión da Universidade de Vigo ao “CONSEJO DE UNIVERSIDADES Y DEL CONOCIMIENTO” da FUNDACIÓN TRIPTOLEMOS, que reúne os campus de excelencia españois, correspondéndonos a nós lideralo na liña azul. No documento de adhesión nomeouse a D. Emilio Fernández Suárez, no seu papel de comisionado do Campus do Mar, como representante nas reunións do Consello. Pero grazas a este ofrecemento de D. José María Silva, brindóusenos a posibilidade de formar parte da cúpula directiva. Aproveita esta ocasión para comunicalo e agradecerlo.

b) Prosegue o seu informe o reitor explicando que hai uns meses o Consorcio do Casco Vello acordou a cesión dos tres edificios na Ribeira do Berbés, na actualidade xa están finalizados os trámites administrativos e formalizárase a sinatura diante de notario o mes que vén. Subliña o reitor que dende que aparece a noticia en prensa ata a formalización hai un treito, polo este é o momento de informar.

c) Informa tamén de que unha vez constituída a Comisión de Modificación de Estatutos, no día de onte aprobouse o regulamento de funcionamento interno da comisión e deseñouse a estrutura inicial dos Estatutos. Para a axilización do proceso acordouse a creación de tres grupos de traballo, que se encargarán do Título I: “Estrutura, goberno e administración da Universidade” (Grupo 1); Título II: “Comunidade universitaria” (Grupo 2) e Título III: “Actividades da Universidade” (Grupo 3). O pleno da Comisión encargárase do Título Preliminar: “Disposicións xerais”, así como do Título IV:

“Réxime económico e financeiro da Universidade” e do Título V: “Reforma dos Estatutos”. Indica o reitor que irá informando dos avances realizados por esta Comisión.

d) Noutra orde de cousas, informa o reitor de que causou baixa no Consello de Goberno: Dña. Edita de Lorenzo Rodríguez (representante polo sector de Decanos/Directores), xa que rematou a súa etapa como directora da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Agradece o reitor o traballo realizado e dá a benvida nese cargo ao novo director da Escola, D. Íñigo Cuiñas. Informa tamén do relevo que tivo lugar na Facultade de Belas Artes, na que a profesora Silvia García foi elixida nova decana, en substitución do profesor Juan Carlos Meana. De igual xeito, informa do cambio producido na secretaría académica da Escola Internacional de Doutoramento (EIDO), deixando o seu posto Dña. Elena Alonso Prieto, que foi substituída por D. Javier Pérez Guerra. A profesora Elena Alonso tamén exercía de secretaria da Comisión de Estudos de Posgrao, na que será substituída por D. Marcos Arias Acuña. Agradece a todos os servizos prestados e a súa colaboración.

e) Cede a palabra á secretaria xeral, para que explique a situación xerada coa utilización das listas de correo. Expón que están a chegar diversas reclamacións aos distintos servizos da Universidade en relación con distintos correos electrónicos aparecidos na lista de correo de Comunidade; habendo tamén acusacións en diversos foros contra o Goberno da Universidade por falta de actuación. A secretaria xeral aclara as accións que se están a levar a cabo.

1.- Dáse resposta a todos os escritos de reclamación que se reciben. Explica que as reclamacións están a producir a saturación dos servizos, e derivan do cruce de correos electrónicos entre un número moi reducido de usuarios da lista de comunidade. Engade a secretaria xeral que as reclamacións sucédense practicamente sen tempo de resposta, xa que son unha derivación do que acontece na rede, aínda así, os prazos de resposta axústanse ao indicado pola lei de procedemento administrativo.

2.- As reclamacións son analizadas polo Servizo de Asesoría Xurídica, quen determinou que na meirande parte das veces se corresponden cun claro intercambio de acusacións e desencontro entre as persoas, polo que non se atopa materia para a esixencia de responsabilidade disciplinaria. Naqueles casos nos que as acusacións implican maior gravidade, estanse a solicitar os informes pertinentes para determinar se existe causa para a apertura dunha información reservada, que puidera derivarse nun expediente disciplinario, de selo caso.

3.- A pesar de que non exista materia para unha actuación sancionadora, actúase en ocasións levando a cabo actuacións de intermediación e conciliación entre as partes implicadas no conflito. Noutros casos, cando o contido das mensaxes considerase que pode atentar contra un determinado colectivo, actúase a través da unidade correspondente. Así, a Comisión de Igualdade da Universidade de Vigo, na súa sesión do 04/02/2014, emitiu un escrito reprobando calquera emprego nos foros ou espazos públicos da comunidade universitaria de linguaxes e imaxes que atenten contra a dignidade das mulleres, e facendo un chamado á responsabilidade dos usuarios. Tamén lle foi remitida unha carta neste sentido ao responsable dos escritos.

4.- Lembra a secretaria xeral que a lista de comunidade naceu como un foro de libre expresión para os membros da comunidade universitaria, que vén sendo utilizada dende a súa creación con total liberdade de contidos. A súa utilización, como a de calquera medio de expresión, supón un equilibrio entre a liberdade de expresión e o dereito ao honor e o respecto, polo que debe basearse na responsabilidade dos usuarios. Como indica a *Normativa de uso dos recursos informáticos e redes da Universidade de Vigo*, aprobada en Consello de Goberno con data 16 de marzo de 2006: Artigo 7.1- *Os usuarios son completamente responsables de tódalas actividades realizadas coas súas contas de acceso e co seu buzón de correo asociado*. Indica que non é vontade deste equipo reitoral establecer un sistema de moderación ou censura dos contidos das mensaxes publicadas, sendo o Consello de Goberno o órgano competente para abordar este tema.

Pregunta o reitor aos membros do Consello de Goberno se hai algún comentario ou aclaración en relación cos puntos do informe, e ao non haber intervencións, dá paso ao punto seguinte.

**Punto 3.** Presentación do informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do ano 2014.

Introduce o reitor este punto indicando que, tras ter que adiar en dúas ocasións esta presentación por dificultades de asistencia do Comisionado, tráese a este Consello de Goberno a presentación do informe do ano 2014. Cede a palabra ao Comisionado do Campus do Mar, D. Emilio Fernández Suárez.

O Comisionado do Campus do Mar presentou as actividades máis salientables desenvolvidas polo Campus do Mar ao longo do ano 2014, resumindo a Memoria entregada aos membros do Consello coa convocatoria.

Destaca a elaboración de proxectos no marco do Horizonte 2020, cos proxectos “Phasing out of discarding in European Fisheries” coa participación de 24 entidades europeas e o Economic profitability of fisheries and aquaculture in Europe “coa participación de 18 entidades europeas. Destaca a extraordinaria competencia existente na convocatoria, de xeito que tan só un proxecto de cada liña acadou subvención. Estes proxectos superaron a liña de corte, pero non lograron financiamento.

Nos aspectos de internacionalización do Campus do Mar, destaca a colaboración do Dr. José María Silva e as negociacións levadas a cabo para a incorporación do Campus do Mar á rede IAMRI liderada pola Ocean University of China en Qingdao. A International Association for Marine-related Institutions (IAMRI) é unha das máis importantes asociacións internacionais de institucións relacionadas coa I+D+i mariña, e reúne a centros de investigación e universidades de países como Canadá, Australia, Alemaña, EEUU, Inglaterra, China, Corea, Francia ou Xapón. Na xuntanza mantida presentouse publicamente a traxectoria, obxectivos e fortalezas do Campus do Mar ante presidentes e directores das institucións de todo o mundo. Indica que a próxima reunión plenaria da rede IAMRI terá lugar en Vigo en Xullo de 2015.

D. Emilio Fernández estaca tamén o programa docente e o Programa de Captación de Talento a consolidación do programa de doutorado DO\*MAR, o lanzamento do programa de másters interuniversitarios no eido da rede CEIMARNET, a realización de foros de transferencia con diversos sectores e o desenvolvemento do programa de interacción Arte-Ciencia-Tecnoloxía, Baliza.

O Comisionado presentou o escenario no que se desenvolveu a actividade do Campus ao longo dos últimos anos así como o novo horizonte resultante da primeira reunión de Campus de Excelencia convocado polo actual equipo do Ministerio de Educación no mes de Febreiro deste ano. Destaca a sorpresa favorable que supón o apoio activo amosado.

Así mesmo, presentáronse as prioridades do Campus do Mar de cara ao ano 2015, que se concentran na preparación da avaliación final que terá lugar no mes de Setembro de 2015 e a elaboración de proxectos que garantan a sustentabilidade do Campus no período post-2015.

Agradece o reitor a presenza do Comisionado e abre unha rolda de intervencións. Non habendo preguntas, dá paso ao punto seguinte da orde do día.

**Punto 4.** Informe do vicerreitor do Campus de Ourense sobre o proceso de especialización do Campus da Auga no ano 2014.

Cede a palabra reitor ao vicerreitor do Campus de Ourense, D. Virxilio Rodríguez, quen comeza a presentación destacando que o proceso de especialización do Campus de Ourense no chamado Campus da Auga conta non só co respaldo interno da Universidade de Vigo, senón co recoñecemento por parte do Goberno Autonómico que se plasma en diversos convenios; sendo o máis recente aquel en virtude do cal a

Xunta de Galicia financiará a sede central do Campus da Auga e os equipamentos de apoio de investigación neste eido.

Mediante esta especialización preténdese converter ao Campus de Ourense en líder na investigación e na docencia en materias relativas á auga e, para cumprir esa misión o Campus da Auga armouse dun organigrama liderado polo reitor e dirixido polo vicerreitor do Campus de Ourense estruturado en cinco grandes áreas: Investigación, Internacionalización, Transferencia, Académica e Innovación educativa-Divulgación Científica. Antes de detallar os pasos dados nestas áreas, o vicerreitor agradece o traballo realizado ao Comisionado do Campus da Auga, Prof. Pedro Membiela, quen cesou no seu cargo en maio de 2014.

Continúa o vicerreitor expoñendo por estrita orde cronolóxica as accións, actividades e eventos que se desenvolveron durante o ano 2014 ata a actualidade. No segundo trimestre de 2014 constituíuse o Comité de Dirección do Campus da Auga e os Comités Executivos dos dous Clústeres de Investigación. Salienta a intensa actividade de internacionalización desenvolvida nos meses de xuño e xullo, coa intención de sentar as bases para estreitar a colaboración en materia de formación e investigación con Universidades do norte de Portugal, fundamentalmente co IPP e coa UTAD, no marco da CRUSOE.

Destaca tamén o vicerreitor o traballo que comeza a desenvolver os clústers de investigación nun primeiro proxecto de investigación na liña de internacionalización, coa participación do Campus da Auga en Termatalia, feira internacional de Turismo termal, en Termas de Río Hondo (Arxentina). Tamén no camiño da internacionalización, refire a celebración en novembro en Porto o I Workshop entre o IPP-UTAD-UVIGO, con tres paneis centrados en Turismo, Auga e Alimentación. Asinouse tamén o memorando de entendemento entre as tres Universidades implicadas, coa presenza dos Reitores das tres institucións.

Prosegue o vicerreitor cunha mención especial ás iniciativas que nacen directamente dos centros, como por exemplo o curso sobre o Dominio Público Hidráulico, organizado pola Facultade de Dereito en colaboración coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

No mes de decembro organizáronse as I Xornadas de Termalismo destinadas á formación de funcionarios do Ministerio de Traballo do Goberno de Colombia. En xaneiro de 2015 asíñase o acordo para a implantación do dobre grao de Lic. en Xestión Hoteleira do IPP e o Grao en Turismo da Fac. de CCEE e Turismo. Por último, para finalizar coa exposición de actividades realizadas, compre salientar a xornada de portas abertas que tivo lugar co gallo do día internacional da auga e o concurso de foto-relato.

Para rematar co seu informe, o vicerreitor do Campus de Ourense fai referencia aos principais proxectos nos que xa se está a traballar intensamente. Na área académica, propónse que neste ano 2015 se leve a cabo o deseño do programa de doutoramento do Campus da Auga, considerado como eixo fundamental deste proxecto. No eido da investigación, o obxectivo se centra na participación nunha convocatoria europea como agrupación de investigación, cun proxecto sólido.

Na área de transferencia, o vicerreitor subliña a vontade de afianzar as relacións entre o Campus da Auga e o tecido empresarial da contorna do Campus de Ourense. Como obxectivo da área de Innovación Educativa e divulgación científica, destaca a integración do Campus da Auga na programación cultural e deportiva do Campus de Ourense, a partir das experiencias aplicadas no pasado curso académico e en parte do actual. Finalmente, a proposta fundamental dentro da área de Internacionalización, é a celebración do primeiro Congreso Internacional da Auga, previsto para finais de setembro de 2015, en colaboración coas outras áreas do Campus.

Para finalizar o seu informe o vicerreitor do Campus de Ourense reitera o recoñecemento e agradecemento ás persoas que forman parte do comité de dirección, dos comités executivos dos clústeres de investigación, polo seu extraordinario traballo, así como aos decanos, equipos decanais de todos os centros do Campus de Ourense e por extensión aos docentes e persoal de administración e servizos que se están a implicar no proxecto.

Trala presentación realizada, pregunta o reitor se algún dos presentes desexa facer algunha cuestión ao respecto do exposto. Non hai intervencións.

**Punto 5.** Informe do vicerreitor do Campus de Pontevedra sobre o proceso de especialización do Campus Crea no ano 2014.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor do Campus de Pontevedra, D. Juan Manuel Corbacho, quen felicita aos poñentes anteriores e comeza a presentación resumindo a filosofía subxacente ao Campus CREA, que pretende reconducir a heteroxeneidade das titulacións existentes no Campus de Pontevedra a un eixo central de creatividade e innovación. Comenta o vicerreitor o traballo previo realizado pola Comisión Técnica de Dirección do Campus CREA, iniciada co equipo anterior. Esta comisión, presidida polo reitor e a vicerreitora Antonia Blanco Pesqueira e composta polos decanos/as e directores/as dos cinco centros, estableceu as catro grandes áreas de especialización do Campus CREA: 1. Arte, comunicación e creatividade; 2. Educación, innovación social e xestión pública; 3. Deporte, saúde e benestar e 4. Medioambiente e natureza. Destaca que o traballo desta comisión constituirá a base do futuro Plan Estratéxico.

Prosegue indicando que trala constitución da nova Comisión Técnica de Dirección do Campus CREA, o 11 de decembro de 2014, optouse pola definición de cinco áreas das que pasa a informar brevemente

1. Na *Área de Investigación e Captación de talento*, encabezada por Ángeles Parrilla Latas da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, estase a traballar na definición do mapa de capacidades que permita deseñar as agrupacións para o Campus CREA, seguindo un proceso semellante ao Campus da Auga. Nun segundo paso contéplase a creación consorcios intercampus.
2. En relación á *Área de Transferencia e Emprendemento*, a cargo de Juan Picos Martín da Escola de Enxeñaría Forestal, destaca a necesidade de crear sinerxías coas confederacións de empresarios, así como o fomento do emprendemento, en relación coa Escola de Emprendemento do Campus do Mar. Menciona o vicerreitor as primeiras iniciativas no eido da transferencia, como a posta en marcha dun Aula Monte Veciñal na Escola de Enxeñaría Forestal. Este aula aglutinará actividades procedentes das distintas titulacións, como Grao en Dirección e Xestión Pública e do de Enxeñaría Forestal en temas relacionados con políticas públicas. Pero tamén Ciencias Sociais e da Comunicación que colabora coas comunidades de montes en proxectos para aumentar a súa visibilidade. Do mesmo xeito ábreanse posibilidades de intervencións artísticas dos membros da Facultade de Belas Artes semellantes a iniciativas como o bosque pintado ou bosque de Oma do artista Agustín Ibarrola. Comenta tamén a iniciativa que se está a desenvolver coa Asociación Profesional del Servicio Público de Defensa contra Incendios Forestais (Apropiga) que está a abrir posibilidades de proxectos de investigación para a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e a Facultade de Fisioterapia, en relación coas lesións típicas de estes/as traballadores/as ou asesoramento de cara a probas físicas de resistencia.
3. A *Área de Comunicación e Internacionalización* da que se encarga Alberto Dafonte Gómez da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, unha das máis transversais, na opinión do vicerreitor, permitirá desenvolver, en combinación coa área académica, proxectos de mobilidade, dobres títulos. Tamén se consideran proxectos de internacionalización da investigación, coa área de investigación e captación de talento, pero destaca o vicerreitor as iniciativas como a celebración do Día Internacional da Creatividade e a Innovación, que permitirá combinar a experiencia de profesionais destacados (editorial Kalandraka, o Rei Zentolo, o doutor García Cota) como expoñer diante da sociedade os proxectos de investigación realizados nos distintos ámbitos, así como as iniciativas do INCUVI. Igualmente,

fai mención do intento de incorporar o concepto de Pontevedra ao deseño da identidade corporativa do campus CREA, para incrementar o efecto de recoñecemento e identificación.

4. O traballo da *Área Académica*, impulsada por Alicia González Represas da Facultade de Fisioterapia, parte dunha análise polo miúdo das titulacións e como o Campus CREA lles outorga valor engadido. Dáse prioridade ao programa de doutoramento para o cal xa se mantiveron contactos coa responsable no Campus da Auga, Susana Álvarez, como con Elsa Vázquez e Manuel Varela do Campus de Mar, e tamén con Antonio García Pino da Escola Internacional de Doutoramento.
5. Finaliza o vicerreitor indicando que a *Área de Cultura*, dirixida por Ignacio Barcia Rodríguez da Facultade de Belas Artes, é un ámbito de referencia en Pontevedra. Ademais de aproveitar as dinámicas existentes como a Sala X e a programación da propia vicerreitoría, potenciaranse iniciativas como o Tangram 2015 con cuestións socioculturais de interese tanto para a cidadanía como para os membros da comunidade universitaria ou o Festival Surfing the Lérez, cunha programación cultural ampla para todas as idades. Outros eventos previstos para a participación son o Festival SinSal na Illa de San Simón ou o proxecto de levar a Pontevedra a iniciativa Vertixe Vigo que permitiría explorar as posibilidades da música contemporánea.

Finalizada a intervención do vicerreitor, informa o reitor de que achegaranse informes periódicos do Campus da Auga e do Campus Crea, como xa se fai na actualidade coa actividade do Campus do Mar

#### **Punto 6.** Aprobación, se procede da Programación Docente Anual (PDA).

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, dona Ana Graña, quen indica que preséntanse para a súa aprobación as PDA dos centros realizadas en base ás normas que foron aprobadas no anterior Consello de Goberno. Para facilitar a aprobación da PDA propón que se divida en catro bloques que sexan votados de xeito separado:

1.- En primeiro lugar, propónse á votación a distribución en horas e grupos, tal como foi negociada cos distintos centros e aprobada na COAP fai dúas semanas, toda a información ao respecto deste apartado foi aportada na documentación.

Pregunta o reitor se hai algún membro do Consello de Goberno que desexe facer algún comentario.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal, que manifesta que votou en contra na COAP e por coherencia seguirá facéndoo aquí, por estar en desacordo co propio concepto de PDA.

Procédese á votación a man alzada, co resultado de 29 votos a favor, 3 en contra e 7 abstencións. Apróbase a proposta.

2.- En segundo lugar, propónse aprobar a asignación de materias á departamentos. Esta asignación foi presentada na COAP de antonte. Na maioría dos casos aprobouse a asignación realizada, coa excepción duns casos concretos, derivados da nova norma que di que *“a asignación de materias de formación básica os centros deberán elaborar unha lista priorizada de departamentos que poidan asumir o encargo. A COAP, á vista do conxunto de PDA dos centros, establecerá o departamento que asumirá a docencia tendo en conta as preferencias dos centros. Esta asignación múltiple priorizada poderá estenderse a calquera outra materia que o permita”*.

Procede a vicerreitora a explicar os casos que se encontran nesa situación:

- O caso da Materia *“Química”* na Escola de Enxeñaría Industrial. Explica a vicerreitora que na sesión da COAP do 12 de marzo, decidiuse pedir que se cambiara a asignación dalgún dos grupos impartidos polo Departamento de Enxeñaría Química a outro dos catro departamentos que imparten a docencia, para equilibrar a carga docente, sen ter que proceder a contratar. O Departamento de Enxeñaría comunicou que asumiría a maiores as cargas, para que non houbera modificación. Na COAP acordouse manter a asignación a este departamento, sempre que se manteña o compromiso, ou no caso

de non poder ser asumido, que se reasigne o exceso na materia Química a outro dos catro departamentos responsables.

- O caso dos departamentos de Matemáticas é máis complexo, indica a vicerreitora. Afecta a tres departamentos: Matemáticas (C06), Matemática Aplicada I (T16) e Matemática Aplicada II (T17). Explica ora que o primeiro deles está sobrecargado de docencia, o segundo está equilibrado, mentres que o 3º ocupa só o 15% da súa capacidade. Para reequilibrar a situación, a COAP do 12 de marzo acordou cambiar materias da Facultade de Ciencias de Ourense do departamento C06 a T17, xa que este centro realizara unha adscrición múltiple. Dado que este cambio non era dabondo, acordouse solicitar da Escola Superior de Enxeñaría Informática o cambio de adscrición de algunha das materias de formación básica adscritas ao departamento de Matemáticas (C06) ao departamento de Matemática Aplicada II (T17).

Explica a vicerreitora que nos outros campus todas as materias de formación básica de matemáticas do ámbito tecnolóxico están en matemática aplicada, que é tamén o habitual nas universidades do SUG.

A Escola de Informática, transmitiu a súa negativa por cuestións académicas que non explicou e tamén recibíuse un escrito departamento de Matemáticas. Neste escrito, que pasa a ler a vicerreitora, trasládase o malestar do departamento polo cambio, pero reconece que *“A vista destes datos, o departamento de Matemáticas podería entender que, en estrita aplicación do establecido nos Criterios de elaboración da programación docente anual (PDA) aprobados no Consello de Goberno do 23 de Xaneiro de 2015 e para evitar a renovación de profesorado asociado para cubrir as horas de docencia que exceden a capacidade docente do departamento, se cambiase de adscrición a algunha das materias básicas anteriormente mencionadas. Mesmo poderíamos entender que ese cambio se fixese co departamento T17, dado que, por unha parte o departamento T17 dispón de folgura docente no campus de Ourense, segundo se afirma no acordo da COAP do 12 de marzo de 2015, e que, por outra, sen dúbida, o departamento T17 pode formar parte da lista priorizada de departamentos que podan asumir o encargo.*

*Agora ben, consideramos que, academicamente, sería moito máis adecuado que durante o próximo curso 2015-16 (que, diante da implantación do grao en Enxeñaría Aeroespacial, podemos entender como curso de “transición”) o departamento de Matemáticas seguise sendo o departamento responsable de todas as materias que ata o de agora tiña asignadas, incluíndo no reparto da docencia ao profesorado do departamento T17 do campus de Ourense. Deste xeito, acádase o obxectivo de non solicitar profesorado adicional e respéctanse completamente as preferencias dos centros”.*

Polo tanto, a proposta que se presenta diante do Consello de Goberno para a súa aprobación é que a docencia se distribúa entre os profesores de ambos departamentos, sempre que se cubra mediante profesorado do cadro de persoal, que son por outra parte, os mellores profesores para impartir esta docencia.

Abre o reitor unha rolda de intervencións. Toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal para manifestar que comparte algúns dos criterios académicos empregados pola vicerreitora, pero dado que só se presentan cando unha área ten exceso de carga docente e outra déficit e non noutros casos, comprende que se trata dun criterio económico.

Continúa explicando que, cando os departamentos implicados chegan a consensos e a COAP o aproba, el o secunda, pero se non hai acordo, está en contra de que este criterio se impoña por motivos económicos. E que se impoña en contra da opinión dun centro que aprobou por unanimidade que se manteña a asignación a un departamento concreto e forzando o posicionamento dun departamento que non solicitou que lle asignaran as materias.

Intervén o profesor Pérez Cota para indicar que non quere engadir nada máis ao exposto polo profesor Rodríguez Berrocal, que o explicou con claridade. Simplemente quere recalcar a posición unánime do Centro.



O profesor Bienvenido Diez agradece que non se empregara o voto de calidade da presidenta para dirimir este asunto na COAP. Insiste en que non se impoña o criterio económico, repetindo que el defende que aquí non sobra ninguén e que defende que as figuras de contratación se axusten ao perfil que se precisa. Fai fincapé na parte humana, que foi presentada por un representante de alumnado que reflicte a situación dun profesor que leva impartindo a docencia 25 anos. O profesor Diez Ferrer amosa as súas reticencias para tomar unha postura radical en relación coa non renovación da contratación dun profesor nestas condicións.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado ao profesor Rodríguez Berrocal e ao prof. Pérez Cota indicando que a intención económica é clara, e así o manifesta, pero insiste en que esa intención está xustificada academicamente. E non só nun contexto de crise, senón de racionalización académica. Existen profesores nos departamentos de Matemática Aplicada a quen non se lles asigna docencia, polo que poderían entender que non son considerados válidos para impartir dita docencia.

Comenta tamén a intervención do profesor Diez Ferrer, indicando que o alumno expuxo o caso dun dos profesores asociados, cando puido verificar que son dous. Considera que non se pode entrar a analizar caso por caso, xa que a contratación de asociados é variable, en función de necesidades que mudan. Tampouco quere entrar a valorar a calidade, nin a valía dos profesores que poden estar implicados nos cambios da PDA.

Intervén o profesor Pou Saracho, quen indica que desexaría escoitar a opinión das partes implicadas, lembrando que noutros casos invitáronse a ambas partes para expoñer as súas posturas.

Responde a vicerreitora que a posición do centro está clara e democraticamente tomada, xa que é unha posición unánime. Tamén expón que presentou o escrito do director do departamento de Matemática porque el o solicitou, pero a proposta é clara: que se distribúan as materias de formación básica da Facultade de Ciencias e da Escola de Enxeñaría Informática entre o profesorado a tempo completo de ambos departamentos. Propón a vicerreitora que esta distribución se faga nunha xuntanza que ela mesma manterá cos directores dos dous departamentos.

O reitor engade que esta redistribución tamén permitirá que os Contratados doutores poidan ter asignada docencia o que é fundamental para o seu futuro profesional.

Procédese a realizar a votación á man alzada co resultado de 26 votos a favor, 8 en contra e 6 abstencións, polo que se aproba a proposta.

3.- En terceiro lugar, a vicerreitora expón a proposta da COAP de realizar o cambio de adscrición da materia: “*Economía: Introducción á economía*” do Grao en Turismo, do departamento X08 (Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas) ao departamento X06 (Economía Aplicada), xa que este último departamento dispón de folgura docente no Campus de Ourense. A Xunta de Centro da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo acordou manter a asignación inicial. E no mesmo sentido maniféstase o Departamento de Economía Aplicada, a través do escrito da súa directora, quen indica que a devandita materia debería manterse na súa adscrición orixinal, buscándose unha solución aos problemas de adscrición de xeito negociado. Argumenta a directora do departamento de Economía Aplicada que os criterios para a asignación deben estar baseados na especialización científico-académica do persoal.

Na COAP do pasado mércores non se chegou a un acordo sobre como proceder, polo que non existe informe ao respecto.

A proposta da vicerreitora ao Consello de Goberno é asignar esta docencia a Economía Aplicada, considerando que a especialización científico-académica do persoal de Economía Aplicada para impartir *Introducción á Economía* como formación básica debe darse por suposta, xa que baixo unha denominación idéntica ou similar imparten e teñen impartido esta formación básica en economía noutros centros.

Abre a rolda de intervencións o profesor Rodríguez Berrocal, quen manifesta a súa oposición, ao igual que nos casos anteriores, pero neste caso porque se desoe a opinión do centro e a do departamento receptor.

Intervén o profesor Jaime Alonso Carrera, como director do Departamento de Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas, para indicar que non manifestaron a súa opinión porque non se lles requiriu, nin dende o centro, nin dende a vicerreitoría. Di que academicamente non encontra argumentos para opoñerse, xa que a materia pode estar asignada a ambos departamentos, a asignación se realiza así por cuestións históricas. Considera que as materiais deberían estar nun só departamento por cuestións de coordinación, pero non por especificación.

Responde a vicerreitora indicando que a partir de agora pedirase dende a vicerreitoría que os departamentos se manifesten previamente con criterios académicos, pero a que a comunicación Centro-Departamento é ineludible.

Toma a palabra o profesor Álvarez Villamarín, quen indica que nas áreas de Economía non hai argumento para poder discriminar entre as materias básicas, pero resalta que baixo a mesma denominación o contido pode ser máis teórico ou máis aplicado, e ese foi o criterio que levou á súa asignación historicamente. Manifesta que vaise abster na votación, precisamente porque non coñece os contidos da materia.

Insiste a vicerreitora no carácter básico da materia, polo que calquera dos departamentos reúnen as características axeitadas para a súa impartición.

Procédese á votación da asignación da materia ao Departamento de Economía Aplicada; co resultado de 24 votos a favor, 6 en contra e 9 abstencións. Apróbbase, polo tanto, a proposta.

4.- Finalmente a vicerreitora realiza a presentación da proposta de PDA para máster, segundo a documentación achegada coa convocatoria. Explica que neste caso non existen obxeccións.

Apróbbase por asentimento.

**Punto 7.** Aprobación, se procede, das normas básicas de POD para o curso 2015/16.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

Expón a vicerreitora que as normas básicas de POD amosan poucos cambios, polo que se centra en comentar as modificacións introducidas con respecto dos anos anteriores.

Así, no punto 5, relativo ao “Persoal contratado en programas de investigación”, se indica de xeito explícito que, “en casos excepcionais, o persoal contratado predoutoral poderá complementar a docencia doutro profesor ou profesora, simultaneando a docencia presencial. Esta situación deberá ser informada favorablemente pola dirección dos centros e autorizada pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado”.

Explica a vicerreitora a modificación introducida no Punto 6. “Mobilidade intercampus”, referida a que o profesor que desexe impartir docencia nun campus diferente do seu campus de adscrición poderá asumir a docencia que quede vacante. Este acordo non implica o traslado do profesor. É unha situación temporal por un curso académico. Polo mesmo motivo non procederán as indemnizacións por razón de servizo nin se computarán horas adicionais. Engade a vicerreitora que a nova normativa de mobilidade terá que estar desenvolvida antes do próximo POD.

Prosegue comentando que o “Punto 7.- Condicións para cobertura de docencia vacante por circunstancias extraordinarias” permanece idéntico ao do ano anterior, excepto polo engadido “*nas condicións que establezan as Consellerías competentes para a súa solicitude*”.

En relación co “Punto 8. Organización cuatrimestral”, inclúese un parágrafo que indica que os departamentos que precisen levar a cabo contratación de persoal deberán cubrir obrigatoriamente as

materias que se impartan no primeiro cuadrimestre do curso co profesorado existente. Unha vez formalizada a contratación, poderá realizarse unha modificación da distribución da docencia que permita incluír aos contratados nas materias do primeiro cuadrimestre. O punto 8 inclúe ademais a imposibilidade de realizar contratacións para o curso completo cando a docencia estea acumulada no segundo cuadrimestre.

Finalmente, a vicerreitora solicita do Consello de Goberno a delegación na COAP da aprobación dos POD's realizados segundo estas normas e da contratación que deles se derive.

Abre o reitor unha rolda de intervencións, que comeza o profesor Rodríguez Berrocal, quen recoñece o esforzo realizado pola vicerreitora para adaptar o documento a circunstancias cambiantes. Considera que é un bo documento, a pesar de que votou en contra na COAP, por algúns aspectos que pasa a comentar.

- Destaca, en primeiro lugar, a indefinición das prazas baixo as que se pode realizar a contratación.
- En canto ao axuste cuadrimestral, di que se acouta demasiado a actuación do departamento. Indica que os departamentos teñen que garantir a impartición da docencia no primeiro cuadrimestre, e así ten que ser, pero impoñer que teña que ser con persoal propio é excesivo. Lembra que no caso de retrasos na contratación antes se recorría a invitados.
- Comenta a conveniencia de ter o profesorado contratado nos dous cuadrimestres, subliñando que o custe económico é o mesmo no caso dun P3 contratado todo ano, que permite a colaboración noutras facetas (investigación etc.), en lugar de P6 nun cuadrimestre.
- En relación á liña que di: “*O número de grupos das materias do segundo cuadrimestre poderá axustarse en función da matrícula real do curso académico 2015/16*”, indica que tamén no primeiro deberá facerse este axuste.
- Destaca a iniciativa do seu departamento de que dous profesores do cadro de persoal poidan colaborar na impartición de prácticas cando o grupo ou o tipo de práctica así o requiran. Realízase a expensas do propio profesor, sen que cause contratación. Tamén solicitouse a división dos grupos, sempre que existiran folguras. Destaca que a petición realizouse por un motivo estratéxico, xa que están en proceso de acreditación e existe un desexo manifesto dos profesores de impartir docencia. Indica que ata o ano pasado se podía, pero neste ano, non, permitíndose tan só aos contratados predoutorais.
- Polos motivos expostos, manifesta o seu voto en contra da proposta

Intervén a continuación o profesor Pedro González Santamaría, quen coincide con Berrocal na vantaxe da distribución ao longo do ano dos contratados, xa que realizan máis tarefas titorizan prácticas, erasmus etc. En relación coa mobilidade intercampus que se aplica ao profesorado a tempo completo, solicita que se aplique a compensación polo traslado ao caso do persoal contratado no caso de que sexa forzosa. Finaliza indicando a súa coincidencia coa opinión do profesor Rodríguez Berrocal na indefinición das figuras de contratación do punto 2. Tamén destaca que en ocasións saen prazas a concurso, cando hai contratados no departamento que poderían incrementar a dedicación.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, a ambos profesores, indicando que o documento básico é o mesmo que o de anos anteriores, polo que as indefinicións mencionadas son tamén as mesmas.

En relación á contratación para impartir docencia no 2º cuadrimestre, indica que debe cingirse a ese cuadrimestre, xa que o vínculo laboral establécese por unha razón concreta: a docencia. Recoñece que este profesorado pode, se quere, colaborar noutras funcións, pero a súa contratación é para impartir docencia. Explica a vicerreitora que se teñen producido casos nos que ao realizar a contratación en agosto, o profesor acepta a docencia que vai impartir no segundo cuadrimestre, pero dado o lonxe das

datas, pode xurdir un impedimento (como xa ten sucedido): un xuízo, a filmación dunha película etc. que impida que finalmente poida impartilas. Indica que non é só a cuestión económica de que o contratado teña cobrado unha serie de meses sen que finalmente desenvolva a súa función, senón tamén o prexuízo que se causa ao departamento, que debe afrontar unha nova contratación.

En canto a colaboración na impartición de clases nos departamentos con folgura, explica a vicerreitora que este era un feito descoñecido por outros profesores, e non foi ben acollido. Xa que aquelas áreas que non teñen folguras non poden empregar este procedemento, polo que na acreditación non compiten en igualdade de condicións. Subliña que todos deben ter a mesma posibilidade de meritaxe.

En relación a petición realizada polo profesor González Santamaría responde que non ve problema á compensación polo desprazamento forzoso entre campus dos asociados, pero debe verificalo xa que deben ser moi poucos os casos, porque habitualmente a contratación realízase para unha docencia concreta nun determinado campus.

Tamén en resposta ao formulado por este profesor relativo ao aumento da dedicación do asociado, en lugar de realizar unha nova contratación, indica que é práctica habitual e non hai problema na vicerreitoría. Pero resalta que a decisión é competencia do departamento e a nova contratación pode producirse por razóns de índole académica.

O profesor Pedro González indica que non se especifica que a decisión deba corresponderlle ao departamento. Insiste a vicerreitora en que a decisión dunha contratación nova ou non, compételle ao departamento, que é o que coñece as razóns académicas que sustentan a demanda.

Finalizadas as intervencións, o reitor solicita a votación da proposta, realizándose á man alzada e co resultado de 27 votos a favor, 4 en contra e 5 abstencións, polo que queda aprobada a proposta (**Anexo I**), así como a delegación na COAP para a aprobación posterior dos PODs e das contratacións de profesorado que se deriven.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, das declaracións de interese de títulos de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/17.

Indica o reitor que para participar neste punto, foi invitado a petición propia o profesor Legido Soto, como director dun dos departamentos implicados.

Para realizar a presentación, cede a palabra o reitor á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado.

A vicerreitora expón que se tratarán ás declaracións de interese presentadas para títulos de grao, máster e doutoramento, segundo a documentación que foi enviada aos membros do Consello de Goberno xunto coa convocatoria.

Propón comezar pola declaración de interese do único título de grao que se presenta: Enxeñaría Aeroespacial, que será presentada polo reitor. Comeza este subliñando que a solicitude de novos títulos de grao debe responder a unha necesidade estratéxica polo que el involucrouse na preparación e desenvolvemento desta proposta, e realiza agora a súa presentación.

O reitor leva a cabo un breve resumo da necesidade previa: diante da negativa ao título de Enxeñaría Física emitida polo Consello de Universidades tralo informe negativo da ACSUG, solicítase á Universidade de Vigo que realice unha nova proposta que supere os inconvenientes que levou ao rexeitamento. Esta proposta debía corresponder obrigatoriamente a unha titulación singular no SUG. Para cumprir a normativa, só poden aprobarse novas titulacións de grao en circunstancias de equilibrio territorial, isto é que vaian dirixidas ao que a Xunta denomina campus periféricos. Para o Campus de Ourense o déficit era tecnolóxico.

Con estas premisas, continúa o reitor, realizouse un estudio de posibilidades, iniciándose consultas previas de xeito extraoficial, xa que non quería iniciar un proceso que non tivese posibilidade de viabilidade social, económica e política. No panel de títulos que se barallaron, o centro implicado neles era a Escola de Enxeñaría Industrial, polo que entrevistouse co seu director en setembro para solicitar a súa opinión oficiosa. Nunha nova reunión en decembro, realizaron unha análise das propostas iniciais incorporando as suxestións realizadas polo director da EEI, aspecto este que agradece o Sr. reitor. Así, concluíron que ten que ser unha oferta de futuro para os estudantes e que debe ser unha titulación consolidada e recoñecida profesionalmente no mercado laboral. Dado que se trata dunha titulación singular, debe nacer nun centro propio, específico, non tutelada por outro de xeito específico.

Dado que a proposta de titulación non parte dun centro, o traballo de realizar a prospectiva do título así como o plano de viabilidade do mesmo realizouse dende o Gabinete de reitor. Comenta o reitor a oportunidade aberta coa estratexia Ris3 de especialización e innovación para Galicia. Nesta estratexia se realiza unha aposta específica polo sectores consolidados automoción, téxtil, naval e turismo, cunha mención expresa a innovación no sector subsidiario e especificamente o aeroespacial. Coa creación do Consorcio aeroespacial aparece un espazo de oportunidade neste sector, valorado de xeito moi positivo por todas as empresas consultadas.

Explica o reitor que o grao de Enxeñaría Aeroespacial está vinculado a titulación de Enxeñeiro Técnico Aeronáutico. Contactados os decanos dos Colexios Profesionais implicados están dispostos realizar unha tutela no desenvolvemento da Memoria da Titulación.

Apoiándose nunha presentación en powerpoint o reitor, salienta a continuación as oportunidades que presenta unha titulación neste sector:

- Inscríbese nun mercado de forte crecemento europeo centrado nas dúas liñas: espazo, aeronáutica, e fundamentalmente na industria aeroespacial.
- Sector con gran demanda de emprego. As empresas importantes como COASA apoian esta titulación, dada as dificultades que teñen para contratar enxeñeiros.
- Trátase dun sector con gran implicación en I+D+i, tanto en investigación aplicada como en investigación básica: polo que permite un desenvolvemento transversal no ámbito científico e tecnolóxico.
- Destaca o reitor que Galicia debe aproveitar esta oportunidade porque hai unha distancia en relación a Europa que hai que cubrir, e agora estamos apoiado polos elementos dinamizadores europeos.
- No marco de Galicia, a decisión de establecer esta titulación en Ourense xustifícase pola concentración de empresas que centran a súa actividade no sector aeronáutico e que representan máis do 50% da facturación de toda Galicia neste campo.

En canto á competencia pola oferta académica, informa de que existen na actualidade 10 graos en Enxeñaría Aeroespacial en España: e cinco deles en Madrid.

Continúa explicando o reitor que o documento básico realizado foi presentado en decembro á Xunta de Galicia, presentando non só o estudo de oportunidade senón que se realizou unha simulación das necesidades económicas. Empregouse como base para o estudo un plano de estudos xenérico baseado no existente na Universidade Complutense. Nesa xuntanza o reitor insistiu en que só proporía esta titulación na Universidade de Vigo, se había un acordo económico para a súa implantación. Explica que logrouse un apoio político claro no Consello Galego de Universidades, polo que non se trata dunha titulación a custo cero, senón que estará ligada a un convenio de desenvolvemento con achegas económicas plurianuais. Tras acadar o apoio dos conselleiros implicados, recibiu o visto e prace do propio presidente do executivo autonómico, Alberto Núñez Feijóo.

Nese momento, a iniciativa foi trasladada ao Consello do Campus de Ourense para o seu estudo e aprobación. Este paso non é obrigatorio lexislativamente pero considerouse que a súa resposta sería vinculante. O Consello de Campus aprobou maioritariamente o inicio dos trámites para a implantación da titulación, de xeito que a expresión de interese ven apoiada por todo campus de Ourense.

De ser aprobada a proposta por este Consello de Goberno, o seguinte paso sería a creación da Xunta de Titulación, polo que foron convocados os directores de departamento e centros implicados para explicarlle esta solicitude, e iniciar a redacción da memoria que permitirá seguir a dar os pasos segundo o calendario establecido.

Trala presentación realizada o reitor dá paso ás preguntas e comentarios dos presentes. Inicia a rolda o profesor Pou Saracho, como director da EEI. Preguntase en que lugar situaría un especialista esta titulación singular no SUG, aínda que a Xunta a localiza en Ourense. Expón que na Escola de Enxeñaría Industrial realizaron unha análise profunda e ven esta titulación como unha oportunidade para Galicia, non para a propia EEI. Destaca que esta titulación debe nacer ben, para non repetir os erros pasados, e insiste en que o primordial é poñer o obxectivo na formación dos alumnos, sen antepoñer os lexítimos intereses de campus, cidades, centros ou grupos de profesores. Se a formación que reciben os alumnos é de calidade, aínda que o crecemento do sector diminúa, se colocarán, xa que se trata dunha enxeñaría consolidada.

Tamén destaca a necesidade de que se incorpore un director comisario que veña dun centro de prestixio. É consciente de que non pode ser nomeado antes de que se dispoña de centro, pero debería incorporarse o antes posible ao desenvolvemento da memoria.

Pon de manifesto o feito de que se trata dunha titulación moi cara, que precisa de especialistas cos que a institución non conta. Así explica que para os 60 créditos básicos si temos medios, para a 2ª parte da titulación, xa menos e para a parte final non dispoñemos de medios. Insiste en que esa dificultade hai que tela clara, xa que si ben a oportunidade está aí, é preciso un apoio institucional importante: aínda que as áreas implicadas existen na UVIGO, non tempos os especialistas, polo que será necesaria a contratación. Polo tanto, é necesario que a Xunta de Titulación realice un estudo económico que analice as posibilidades reais de contratación destes especialistas. Amósase de acordo coa implicación dos colexios profesionais, xa que debe evitarse o sucedido noutras titulacións nas que existen impugnacións, etc.

Responde o Reitor dicindo que nesta sesión se vota se se inicia o camiño, pero ao longo do mesmo, haberá que despxear incógnitas, a Xunta de Titulación deberá facer o exercicio de análise realizado polo Gabinete do reitor, pero con moito máis detalle, afondando nas estimacións e cálculos económicos. Reitera que tras falar cos colexios profesionais, especialmente o Colexio de Enxeñeiros Técnicos están dispostos a colaborar e destacan que este estudo previo debería terse feito noutras ocasións.

Continúa explicando que solicitarase a tutela dunha das universidades que imparten esta titulación. Na opinión do Gabinete e do propio reitor, debe ser a UPM, como xa se comentou na xuntanza cos directores. De iniciarse este camiño, contactará oficialmente co reitor da UPM, para poder invitar á especialistas a participar neste proxecto, cando sexa procedimentalmente factible. Poden aceptar vir en comisión de servizos ou mesmo definitivamente.

Intervén o director do Departamento de Física Aplicada, D. José Luis Legido, quen agradece a invitación e deixa constancia do apoio do seu departamento á posta en marcha da titulación, que considera de interese para Galicia, e á creación dun centro propio, ao tempo que realizou unha oferta de colaboración para participar neste proceso.

O profesor Reigosa Roger, inicia a súa intervención resaltando os aspectos positivos da proposta. Considera que se trata dun Grao interesante, con nota de corte moi alta, de feito en algunha universidade é a máis alta, e suporá unha titulación única no SUG; recoñece o interese para os alumnos e o feito de que pode revitalizarse a industria en paralelo. Informa de que tiña pensado

absterse porque lle faltaban datos. Xa que esta presentación parece un extracto dun estudo máis amplo, solicita a aclaración de algúns detalles:

- a) Pregunta cantos dos 3000 estudantes matriculados nesta titulación son galegos, xa que existe esta titulación na Universidade de León, que está preto de nós. Tamén pregunta se se coñece a súa relación coa industria próxima do sector en Galicia.
- b) Pregunta tamén acerca do número de postos de traballo que hai na comunidade neste sector.
- c) Insiste na necesidade de profesorado, xa que o persoal do que dispoñemos é insuficiente.
- d) Tamén subliña a necesidade das infraestruturas, nesta época de restricións económicas, polo que pregunta se hai unha cuantificación para o apoio económico da Xunta de Galicia.

Remata indicando que estas dúbidas xustifican o seu voto en branco.

Responde o reitor aclarando que non entrega o documento completo elaborado polo gabinete para non condicionar o traballo da Xunta de Titulación. Nese estudo previo, realizouse unha estimación do número de laboratorios (5 novos laboratorios) e do equipamento preciso. Tamén se realizou a distribución temporal das achegas á XUGA, pero advertindo que dependería das decisións tomadas na universidade. En canto ás necesidades de persoal, tamén se desenvolveu un estudo para definir as marxes de persoal necesario, aínda que o seu número depende moito de decisións persoais.

Aclara a resposta recibida pola Xunta de Galicia, que foi positiva en relación ás infraestruturas e tamén en relación ao persoal, pero coas limitacións de contratación que existen na actualidade. Indica o reitor que este apoio pódese empregar para impulsar as negociacións e lograr que se reconsideren aspectos que están bloqueando estes aspectos de política de persoal. Explica que en base ao traballo realizado, sométese esta proposta á súa aprobación, para poder asegurar o título. Pero a súa implantación real estará condicionada á como se faga realidade a dotación. Incluso pódese considerar un retraso na implantación real, sen hipotecarnos, pero poder garantir o título para a universidade de Vigo é un gran paso.

Continúa respondendo que non se coñece o número total de estudantes galegos, pero a nivel anecdótico indica que cando menos hai 6 fillos de profesores desta casa que están cursando esta titulación en Madrid. Considera que todas estas preguntas deberán ser respondidas na memoria que respalde a titulación.

Repite o profesor Reigosa Roger a súa pregunta relativa ás posibilidades de emprego, é dicir ao número de postos de traballo neste sector. Responde o reitor que os datos dependen moito das fontes das que proceden, pero reitera que os directores das grandes empresas lle trasladaron a dificultade de atopar enxeñeiros aeroespaciais para montar os sistemas de produción das súas empresas, polo que recorreron a enxeñeiros industriais para elo. Tal e como lle indicaron as empresas, os titulados de Madrid ou son absorbidos polas empresas da contorna ou optan por empresas europeas.

O profesor D. Xulio Calviño expresa a súa opinión de que as oportunidades pasan unha vez, e hai que aproveitálas. Lembra a orixe das escolas de Industriais, Telecomunicacións e Minas, e aconsella que non debemos deixarnos esmagar polas crises, xa que non duran para sempre. E a instauración desta titulación será un proceso longo. Indica que a duración dun ministro de facenda mandando máis que outros ten caducidade, o ministro de educación volverá a ter poder de ordenación que lle corresponde. Destaca a enorme importancia desta proposta e pide o apoio total á mesma, xa que a unanimidade suporía un maior respaldo e fortaleza na postura da universidade.

Intervén o profesor Bienvenido Díez que considera esta proposta como unha gran oportunidade de consolidar profesorado que está na bolsa de agarda, pero é necesario ter en conta que seguimos atados pola taxa de reposición.

Responde o reitor que non se vai a utilizar a taxa de reposición para cubrir as necesidades docentes. Empregaranse conceptos relacionados con comisións de servizos, de xeito que aínda que se prolongara a “etapa Montoro”, non habería problema, xa que a mobilidade non computa na taxa.

O profesor Reigosa expón que tralo debate levado a cabo e as aclaracións realizadas, desexa facer constar que votará a favor da expresión de interese da titulación.

O representante do estudantado D. Hadrián Fernández expresa que por coherencia á postura no Consello de Campus mantén a súa abstención.

Polo tanto, apróbase a declaración de interese do título de Grao en Enxeñaría aeroespacial, segundo a documentación enviada coa convocatoria, pola totalidade dos presentes, salvo unha abstención.

Continúa a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado coa presentación das dezaseis declaracións de interese dos títulos de Máster presentadas, indicando que todas teñen a aprobación da Comisión de Estudos de Posgrao.

Comenta que existen tres declaracións novas, que corresponden a: Máster en Auditoría e Contabilidade, que procede dun título propio e que xa se presentara antes. Dado que este máster existe na UDC, incorporárase a este converténdose nun máster interuniversitario. O “Máster interuniversitario en Profesorado de Educación Infantil e Primaria: innovación e Investigación educativa” aprobouse na CEP por considerarse estratéxico ao ser interuniversitario e internacional, sempre que se manteñan esas condicións. E, finalmente o máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda”, que procede tamén da reconversión dun título propio (ESDEMGA), transformación que a CEP valora positivamente. Indica a vicerreitora que estas propostas poden chegar ou non a bo termino, xa que o prazo de presentación da memoria é finais de xuño e pode ser insuficiente nalgún caso.

Prosegue explicando que nos outros másteres preséntanse algunhas modificacións con respecto a anos anteriores, algunhas son consecuencia dos procesos de acreditación e solicitan que se incorporen as suxestións realizadas pola ACSUG, como é o caso dos ofertados pola escola de Enxeñaría Industrial. Noutros casos, os cambios propostos derivan de adaptación á normativas, redistribución de créditos prácticos e teóricos, cambios na ordenación de materias ou a posibilidade de incorporación de alumnos en docencia non presencial.

A declaración de interese do máster universitario en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social presenta unha peculiaridade que pasa a comentar a vicerreitora. Este título foi acreditado con éxito, e impártese na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo. A coordinadora do máster indica que non desexa continuar coa coordinación. O profesor que aceptou actuar como coordinador pertence á Facultade de Dereito de Ourense, polo que é esta Facultade a que solicitou o cambio e así o aprobou. Pero coa condición de que no caso de que aparecera unha persoa para levar a cabo a coordinación na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo, como parece que hai, retirarían a solicitude. E así foi aprobado na comisión de Estudos de Posgrao.

Por último comenta o caso do Máster Universitario en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual, que non foi informado pola CEP, xa que por un erro non se recibiu a aprobación do Centro ata o día de onte. Presenta unha modificación relativa a trasladar 15 das 35 prazas que se ofertan á modalidade de docencia online.

Indica a vicerreitora que verificárase que as modificacións que se inclúan como consecuencia de incorporar as suxestións da ACSUG non modifiquen o título, xa que iso requiriría unha nova acreditación.

Apróbase por asentimento a declaración de interese de títulos de másteres universitarios.

En relación ás expresións de interese de títulos de doutoramento para o curso 2016/17, preséntase o de “Ciencia e Tecnoloxía Química”. Trátase dun doutoramento interuniversitario que coordina Santiago.



É a USC a que propón uns cambios, sendo necesario que a Universidade de Vigo os acepte. Trátase dunha actualización dos grupos e liñas de investigación e da modificación das actividades formativas, incluíndo novas actividades.

Apróbase por asentimento.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, do procedemento de elaboración da memoria xustificativa e a memoria para a solicitude de verificación do Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

O reitor cede a palabra novamente á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, para que concrete os aspectos de procedemento necesarios para elaborar as Memorias do Grao de Enxeñaría Aeroespacial que vén de ser aprobado nun punto anterior.

Explica a vicerreitora que propónse que a Xunta de Titulación que deberá elaborar estes documentos estea constituída por todos as decanas/os e directoras/es dos Centros implicados así como as directoras/es dos departamentos dos ámbitos Tecnolóxico e Científico relacionados coa titulación e que figuran na expresión de interese. Estes poderán delegar a pertenza á xunta de titulación noutra persoa pertencente ao seu centro ou departamento. Esta delegación deberá ser comunicadas á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

Para manter as proporcións indicadas polas normativas, formarán parte desta comisión 12 estudantes e cinco representantes do PAS. Na proposta se especifica que estes representantes deberán ser designados polas direccións dos centros entre os representantes nas xuntas de centro. A xunta de titulación estará presidida polo Comisionado do Vigo Tecnolóxico.

A Xunta de titulación (**Anexo II**) elaborará as propostas de memorias para o cal poderá contar co asesoramento dos colexios profesionais, das empresas do sector e de outras universidades que impartan o título.

Unha vez constituída, esta Xunta de Titulación será a encargada da tramitación segundo o “Calendario e procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2016/2017” aprobado no Consello de Goberno de 2 de marzo de 2015.

Finalizada a exposición da vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, o reitor abre unha rolda de intervencións. Toma a palabra o profesor Pou Saracho, quen pide que conste expresamente a necesidade de facer constar na memoria a relación de necesidades de infraestrutura e económicas para a implantación da titulación.

Responde o reitor que se fará explícita dita necesidade.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.

Indica o reitor que para poder continuar co procedemento de implantación da titulación é necesaria a creación do centro que albergará a titulación, que debe facerse constar na memoria. Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen lembra que os pasos a seguir para a creación ou supresión dun centro veñen recollidas na LOU así como na Lei do Sistema Universitario de Galicia e nos propios Estatutos da UVIGO.

Esquematiza a secretaria xeral estes pasos: que comezan co inicio do expediente polo Consello de Goberno, ben a Proposta do Consello Social, Claustro, dun ou varios centros ou Departamentos, ou do propio Consello de Goberno. A continuación debe remitirse a proposta de creación do centro ao Consello Social para que emita o informe preceptivo. Posteriormente o expediente deberá ser exposto para información da comunidade universitaria durante un período mínimo de un mes, tralo que deberá ser remitido ao Claustro para que emita o correspondente informe. A aprobación final realizarase no

Consello de Goberno, que remitirá o expediente de creación do centro á Xunta de Galicia para a súa aprobación, logo do informe do Consello Galego de Universidades.

Unha vez acordada a creación do centro, a XUGA dará traslado ao Ministerio de Educación, para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) e a correspondente publicación no DOG e comunicación á Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Remarca o reitor o axustado dos prazos, polo que o expediente iniciárase hoxe e a Xunta de Titulación deberá constituírse o antes posible para comezar cos traballos de elaboración das memorias.

Insiste o director da EEI, profesor Pou Saracho na importancia de acadar o apoio político para garantir as condicións de creación dun centro que será sen dúbida moi custoso.

Subliña novamente o reitor que se conseguimos a aprobación do título e da creación do centro, aínda que finalmente non se chegue a crear, porque non se plasmen con claridade os apoios económicos, cando menos teríamos o título asegurado no novo plano de titulacións. Paso que considera moi importante, xa que se pode perder diante das demandas doutras universidades.

O profesor Pou Saracho comenta que estanse a crear unhas expectativas e no caso de defraudarse, a culpa se atribuiría á Universidade. Responde o reitor que outras titulacións foron creadas en peores circunstancias e con menos estudos de viabilidade detrás.

Apróbase por asentimento a creación da Escola de Enxeñaría Aeroespacial.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do cambio de titularidade e denominación da Escola de Negocios CAIXANOVA.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen lembra de xeito breve a evolución histórica deste centro, que comeza coa súa adscrición, aprobada polo Consello de Goberno o 22 de xullo de 2009, e trala sinatura do Convenio entre a Universidade de Vigo e “la Caja de Ahorros de Vigo, Ourense e Pontevedra (CAIXANOVA)”, no que se autoriza á implantación do título de Grao en Administración e Dirección de Empresas. Posteriormente prodúcese a fusión das Caixas galegas, Caixa Galicia e Caixanova, que forman a entidade NOVACAIXAGALICIA. Como consecuencia das difíciles situacións económicas dos últimos anos, constituíuse a FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (AFUNDACIÓN) como resultado da conversión de NOVACAIXAGALICIA en fundación, previa segregación do ámbito financeiro en favor de NCG Banco, SA, mantendo o ámbito da Obra benéfico social que na actualidade segue desenvolvendo.

Nesta situación, en decembro do ano pasado, presentouse a solicitude (**Anexo III**) da Dirección da Escola de Negocios de cambio de titularidade en favor de Afundación e da correspondente cambio de denominación á ESCOLA DE NEGOCIOS AFUNDACIÓN.

Explica a secretaria xeral que ao producirse un cambio na titularidade, é necesario acreditar o acto fundacional, o cambio de titularidade e a subrogación da nova entidade na posición que ostentaba CAIXANOVA no convenio suscrito coa Universidade de Vigo o día 23 de xullo de 2009. Ademais, segundo o artigo 5.3 da LOU, é preceptiva a conformidade previa da Secretaría Xeral de Universidades. Engade que toda a documentación requirida foi presentada xunto coa solicitude e se achegou coa convocatoria aos membros do Consello de Goberno. Achegouse tamén o informe do servizo de Asesoría Xurídica que confirma que unha vez completado este trámite correctamente, débese someter dita petición á aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social.

Continúa explicando que, de ser aprobada a petición, solicitarase á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a autorización do cambio de denominación para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, previo informe do Consello Galego de Universidades. Coa inscrición no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos o cambio de denominación adquirirá plenos efectos xurídicos.

Acéptase por asentimento.

**Punto 12.** Aprobación, se procede, da Convocatoria de axudas á investigación do ano 2015.

Para a presentación deste punto, cede a palabra o reitor á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Explica a vicerreitora que a convocatoria de axudas á investigación que se propón segue na liña da do ano 2014, manténdose os principais apartados e conceptos de axuda. Prestouse en todo momento especial atención ao apoio ao persoal en formación (bolsas, contratos e axudas de mobilidade), o que se reflicte no feito de que aproximadamente o 72% do orzamento destinado a axudas de investigación oriéntase especificamente ao persoal en formación. Tamén se incide no equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das axudas, de modo que os mellores candidatos de cada ámbito poidan ser adxudicatarios.

Destaca a continuación os aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do ano 2014 :

- No apartado de contratos-programa con grupos de investigación, se incide especialmente en que estas axudas contribúan a mellorar as posibilidades de participación dos grupos da Universidade de Vigo en convocatorias competitivas externas de financiamento estrutural a grupos. Polo tanto, se coordinan coa convocatoria anual da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinada á consolidación e estruturación de unidades de investigación do SUG. Establécese este ano, como solución de transición, un programa de axudas en dúas anualidades, a primeira en condicións similares ao esquema de anos anteriores, e a segunda coordinada xa coa mencionada convocatoria autonómica.
- Dentro do apartado de axudas a grupos, omítense na convocatoria anual as axudas a proxectos internacionais de I D, non porque desapareza a actuación, senón porque este tipo de apoio levarase a cabo de modo centralizado desde a vicerreitoría, con cargo a un fondo similar ao de Valorización e protección que xa leva varios anos en funcionamento. Aclara a vicerreitora que isto permitirá atender ás necesidades en tempo real, e sen que os grupos teñan que adiantar os gastos que corresponda. Tamén se impulsarán e xestionarán de modo centralizado as iniciativas que poidan xurdir relacionadas coa acreditación e certificación de laboratorios, acción que nos últimos anos non tivera solicitantes.
- En relación co programa de bolsas e axudas á formación, explica que mantéñense as axudas predoutorais e becas de colaboración en centros de investigación. Desaparecen da convocatoria as becas de colaboración para alumnos de máster, que se converterán en becas de estudos que serán convocadas para o curso 2015-16 desde a Vicerreitoría de Estudantes; esta concepción de becas de estudos é máis adecuada ás características dos estudos de máster, xa que non requiren unha dedicación dos estudantes á colaboración con grupos de investigación.

Indica a vicerreitora que, en todos os casos, intentouse clarificar ao máximo a documentación necesaria para a solicitude, os criterios de avaliación, e os tempos de dotación e de gasto das axudas. No que se refire aos criterios de avaliación e baremos, introducíronse algunhas modificacións, a maioría delas resultado da proposta presentada polo colectivo de estudantes. Aproveita a vicerreitora para destacar as achegas realizadas polos representantes de estudantes cos que se estableceu un excelente clima de diálogo que resultou moi enriquecedor.

Remata a súa presentación a vicerreitora indicando que esta convocatoria foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación de 19 de marzo.

Ábrese unha rolda de intervencións que inicia o profesor Bienvenido Diez indicando que a participación en congresos e foros internacionais dos membros da universidade é unha parte da súa función, e é importante para a universidade, polo que considera que debería haber una dotación económica específica para esta actividade.

O profesor Pou Saracho felicita a vicerreitora polo feito de que se vaia estabilizando o marco das axudas e os novos investigadores podan saber a que aterse. Pregunta tamén se o fondo de valorización de patentes segue activo e, en caso afirmativo, cal é a metodoloxía de funcionamento.

Responde a vicerreitora de Investigación e Transferencia ao profesor Diez Ferrer indicando que a axuda á mobilidade para asistencia a congresos xa foi tratada. Nesta convocatoria céntranse os esforzos na axuda ao persoal en formación.

A continuación, informa ao profesor Pou Saracho que o fondo de valorización segue a funcionar. Este fondo, destinado principalmente ao financiamento de taxas de patentes e elaboración de plans de negocio de EBTS, pode ser solicitado polo persoal investigador en calquera momento do ano, e o acceso efectivo ao mesmo está suxeito á informe de viabilidade emitido pola OTRI e á aprobación da Comisión de Investigación. Enviarase unha circular ao persoal investigador para recordar a existencia desde fondo e os procedementos asociados.

Apróbase por asentimento a Convocatoria de axudas á investigación do ano 2015 (**Anexo IV**).

**Punto 13.** Aprobación, se procede, da modificación de tarifas do CITI.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia.

Explica a vicerreitora que se somete a aprobación a modificación puntual das tarifas dos servizos proporcionados polo Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI), con obxecto de incluír o servizo de utilización do laboratorio complementario do centro, que por erro non se contemplou nas tarifas aprobadas no seu momento cos orzamentos da Universidade.

Esta modificación apróbase por unanimidade en Comisión de Investigación de 19 de marzo de 2015.

Apróbase por asentimento (**Anexo V**).

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da modificación de tarifas do CACTI.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen explica que, como no caso anterior, se somete a aprobación a modificación puntual das tarifas dos servizos proporcionados polo Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI). Explica que a modificación se concreta no relativo á corrección dunhas erratas detectadas nas tarifas aprobadas no seu momento cos orzamentos da Universidade, que concirnen aspectos formais de números de referencia e algúns valores das tarifas do Servizo de Detección Remota. De igual xeito que no caso anterior esta modificación foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación do 19 de marzo.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

**Punto 15.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Fundación Universitaria Navarra-UNINAVARRA* (Colombia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *UFA State Aviation Technical University* (Rusia).

Indica o reitor que non hai nada singular que destacar destes convenios, polo que se propón a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento.

#### **Punto 16.** Renovación de representantes na Comisión de Estudos de Posgrao.

O reitor cede apalabra á secretaria xeral, quen explica que a Comisión de Posgrao é unha comisión non delegada do Consello de Goberno, pero cuxos membros son elixidos neste Consello, como se indica no artigo 25 do Regulamento de Réxime interno do C.G. Dado que foi constituído un novo Claustro, debe procederse á renovación dos seus membros.

A Comisión está constituída por:

- O reitor ou un vicerreitor ou vicerreitora en quen delegue
- Un secretario/a, nomeado polo reitor, que será un/ha profesor/a doutor con vinculación permanente á Universidade que teña recoñecido, polo menos, un sexenio de investigación.
- 7 vogais, que serán profesores/as doutores/as con vinculación permanente á Universidade que teñan recoñecido, polo menos, un sexenio de investigación. Serán elixidos polo CG procurando que se garanta a representación de todos os ámbitos de coñecemento e todos os campus.

Lembra a continuación os aspectos fundamentais do procedemento:

- A elección farase entre os candidatos que figuren nunha lista única, na que figuren campus e ámbito de coñecemento
- Cada votante só poderá dar o seu voto como máximo a 5 candidaturas, e segundo a normativa de paridade, non poderá votarse a máis de 3 dun xénero
- Serán elixidas as 7 persoas máis votadas, garantindo a representación de todos os ámbitos. No caso de empate, terá preferencia á candidatura do xénero menos representado, se non resolve o empate, terá preferencia a de maior antigüidade e logo maior idade.

Continúa indicando que presentaron as súas candidaturas 8 persoas que cumpran requisitos, para cubrir 7 postos, polo que é necesario celebrar eleccións. Os candidatos son:

DNA. INMACULADA ANAYA REVUELTA---H10 Lingua Española	Humanístico	Vigo
DNA. ALMUDENA FDEZ. BRIERA---C03 Bioquímica Xenética e Inmunoloxía	Científico	Vigo
DNA. M <sup>a</sup> GLORIA FIESTRAS JANEIRO— C05 - Estatística e Investigación Operativa	Científico	Vigo
DNA. JOSEFINA GARRIDO GONZALEZ – C04 Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal	Científico	Vigo
D. HENRIQUE LORENZO CIMADEVILA - T06 - Enxeñaría dos Recursos Naturais e Medio Ambiente	Tecnolóxico	Pontevedra
DNA. M <sup>a</sup> CONSUELO PAZO MARTINEZ - X08 - Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas	Xurídico-Social	Vigo
DNA. SUSANA REBOREDA MORILLO, - H05 - Historia, Arte e Xeografía	Humanístico	Ourense
D. JOSE LUIS SOENGAS FERNANDEZ - C01 - Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde	Científico	Vigo

Procédese á votación na urna situada na mesa da presidencia. Tralo recuento, obtéñense os seguintes resultados

Candidato	Nº votos
DNA. INMACULADA ANAYA REVUELTA	5
DNA. ALMUDENA FDEZ. BRIERA	4
DNA. M <sup>a</sup> GLORIA FIESTRAS JANEIRO	3
DNA. JOSEFINA GARRIDO GONZALEZ	22
D. HENRIQUE LORENZO CIMADEVILA	23
DNA. M <sup>a</sup> CONSUELO PAZÓ MARTÍNEZ	21
DNA. SUSANA REBORDA MORILLO	22
D. JOSE LUIS SOENGAS FERNÁNDEZ	1

Polo que son proclamados membros electos os sete primeiros candidatos que figuran na lista anterior.

**Punto 17.** Elección de tres representantes do sector estudantes e un representante do PDI na Comisión de Calidade.

O reitor cede apalabra á secretaria xeral, quen explica que a Comisión de Calidade aprobouse no anterior Consello de Goberno, xunto co Regulamento, que no seu artigo 2 indica a Composición da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo. Entre os seus membros, hai tres representantes do alumnado e un/unha representante do PDI que deben ser elixidos polo Consello de Goberno. Soamente se presentou unha candidatura á representación do PDI: dona Edita de Lorenzo Rodríguez, polo que non é preciso celebrar eleccións.

**Punto 18.** Elección dun representante do sector estudantes na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado.

O reitor cede apalabra á secretaria xeral, quen indica que non se presentaron candidaturas, polo que non é preciso celebrar eleccións.

**Punto 19.** Rogos e preguntas.

Piden a palabra dona Micaela Campanini, e os profesores Pou Saracho, Pedro González, Reigosa Roger e Diez Ferrer, e o Sr. Pérez Mato.

A representante do estudantado, dona Micaela Campanini, indica que no Consello de Goberno anterior expuxera as súas queixas en relación ao transporte, e presentou por rexistro un escrito relatando a situación actual. Agradece que no Campus de Pontevedra estas dificultades xa se solucionaron. Pero o problema continúa na conexión Vigo-Ourense, que implica un tempo moi longo de desprazamento. Indica que se queremos ter un modelo de campus sostible, é necesario potenciar o transporte colectivo, do mesmo xeito que se solucionou no Campus de Pontevedra.

Cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen explica a solución que se levou a cabo no Campus de Pontevedra. Comezouse por delimitar as empresas que realizan o transporte: basicamente Cuiña, Rías Baixas e Mombús. Estas empresas non ofrecen a posibilidade de facturar

billetes individuais, só bonos mensuais ou anuais, polo que non resulta un procedemento axeitado para os representantes de alumnos. A empresa Mombús si ofrece lotes de 10 billetes. Estes lotes foron adquiridos con cargo a servizos centrais, e os estudantes poden recollelos cando desexen. Indica o vicerreitor que no caso dos desprazamentos Vigo-Ourense estanse estudando todas as posibilidades que poidan existir.

Intervén o profesor Pou Saracho para indicar que a páxina web é moi pouco amigable, non ten definido un perfil específico para os alumnos que acceden por primeira vez, o que dificulta a captación de alumnos, polo que solicita que se modifique. Continúa dicindo que tralos informes dos campus presentados neste Consello de Goberno, falta o informe do Vigo Tecnolóxico, recalando que non podemos quedarnos atrás.

Responde o reitor indicando que é moi atinada a pregunta en relación ao Vigo Tecnolóxico. Explica que a especialización dos campus comezou co Campus do Mar, logo o Campus da Auga e o Campus Crea e en Vigo o Campus Tecnolóxico, coas súas directrices específicas: o ámbito das telecomunicacións xa está a consolidarse entre Atlantic e Gradient. O ámbito biomédico está a desenvolverse a través do proxecto Biocaps, hoxe iniciouse o camiño no ámbito Aeroespacial e cómpre impulsar definitivamente o eixo Industria-Enerxía, moi importante polo peso que teñen os grupos e centros implicados. Débese facer un esforzo para crear clústers que inclúan a todos os grupos, e definir as liñas do plano estratéxico. Por iso, está a reunirse con todos os grupos de investigación do ámbito. Nestes momentos, indica o reitor, tan só falta o grupo do profesor Pou Saracho, por dificultades no encaixe de axendas.

En relación coa petición relativa á páxina web, responde o vicerreitor de Economía e Planificación que estase a traballar na definición de perfís de acceso á nova páxina web, comezando polo de estudantes para a captación de alumnos e proceso de matriculación.

O profesor Pedro González pregunta o motivo polo que os recoñecementos docentes que corresponden aos TFG e TFM se apliquen este ano “en diferido” é dicir, no curso seguinte.

Responde a vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado que hai que recoñecer o traballo fin de grao unha vez realizado, porque antes non é posible. Lembra que sempre se fixo así, tanto para os PFC como no caso dos TFM. O ano anterior se fixo por adiantado no caso dos TFG, pero especificouse que se facía só temporalmente. O desaxuste que se produce este ano, é xerado polo cambio, como xa pasou noutros casos.

O profesor Reigosa Roger solicita que para o futuro, na memoria dos campus se incluíra unha memoria económica. Responde o reitor que así se fará, que foi eliminada nesta ocasión pola necesidade de maior brevidade nas presentacións.

O profesor Diez Ferrer, pregunta pola situación dos investigadores e a súa posible contratación, xa que dende a COAP non teñen información. Responde a vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado indicando que non se teñen novas. En relación aos Axudantes Doutores, xa informou na mesa de negociación, pero non se sabe nada máis. Remarca que, en canto teña algunha noticia, os reunirá para darlles traslado da mesma.

Intervén o Sr. Federico Mato quen pregunta pola seguridade do campus, en relación coa sinalización vertical e horizontal. Refire que o día anterior case aconteceu un accidente debido a esta mala sinalización. Responde o vicerreitor de Economía e Planificación explicando que está a piques de pecharse o convenio de sinalización do Campus e circunvalación do Campus, polo que confía en que en breve estean solucionadas as carencias neste sentido. En relación aos accesos ao Campus, reitera que se leva dous anos pedindo e esixindo á deputación que arranxe, pinte e sinalice as vías, pero

segue sen haber resposta. Insiste en que dende a institución xa non se pode insistir máis, e destaca que o alcalde de Vigo se sumou á devandita petición.

Finalizada a rolda de intervencións, o representante da CIG, D. Federico Fernández, pide a palabra e dá lectura a un manifesto en relación coa convocatoria da folga do pasado día 24, no que se critica que non participaran na manifestación unitaria os representantes da Universidade, así como os servizos mínimos, considerados abusivos. Fai entrega do documento, que se achega a este acta (**Anexo VII**).

Intervén D. Bienvenido Diez como representante da UXT, para aclarar que un comunicado nos mesmos termos foi publicado por esta central sindical en comunidade, lamentando a falta de complicidade do equipo reitoral coa convocatoria.

Responde o reitor dicindo que lamenta que a comunidade non se decatara das súas palabras na radio e na prensa nese día, que expoñen con claridade a posición da Universidade. Tamén destaca que se suspenderon os actos institucionais, como o Día da Auga. Manifesta o seu pesar porque non foi invitado, e salienta que mesmo nalgunha ocasión lle pediron directamente que non participase nos actos.


Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:35 h do día 27 de marzo de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris